

O candidato socialista á alcaldía do Irixo comprométese a unha axuda "de 3.000 euros por cada neno que naza no municipio"

O Irixo

0 comentarios

[Entrar](#)

5 Feb 2015

O Candidato a alcaldía de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, desgranou durante a súa presentación o pasado sábado, algúns dos problemas do concello, do que dixo "ser un concello con moitas posibilidades, pero nun estado de abandono e deixadez dende fai 29 anos, un concello no que había que recuperar a ilusión e poñerse a traballar para darlle a volta a esta situación, con moito traballo e ilusión para colocalo no lugar que lle corresponde".

Iago Fariñas comprometeuse durante a súa presentación do pasado sábado, a traballar de forma decidida por **fomentar a natalidade no concello**, xa que un concello onde non nacen nenos é un concello condenado á desaparición; polo que se obrigou, de ser o novo alcalde do Irixo, **a destinar tres mil euros para cada neno que nacera no Irixo**, "se din que os nenos nacen cun pan debaixo do brazo, no Irixo viran cunha petada o máis grande posible, en forma de axuda de tres mil euros..." "comprométome a destinar todos os recursos que fagan falta, incluso o soldo do alcalde se fose preciso..."

Comprometeuse **a poñer en marcha unha gardaría pública** nunha parte dos antigos locais do grupo escolar que foron cedidos no seu día ó concello por parte da Consellería de educación, precisamente para a construción dunha gardaría que nunca foi construída. Esta infraestrutura é necesaria para **axudar ás familias e reforzar o grupo escolar**, para así evitar a súa desaparición.

Fariñas aposta por un concello que se preocupe por que **os rapaces do Irixo se formen e teñan as mesmas posibilidades que os nenos da cidade**, poñendo en marcha un sistema de becas que complementen ás de outras administracións se fose preciso para que todos os nenos do Irixo se queren poidan estudar ou formarse nun oficio como calquer outro neno.

Tamén **promover e a incentivar, dende o concello, iniciativas empresarias**, a fomentar o **cooperativismo**, e asesorar a todos os veciños, e comunidades de montes ca **creación dunha asesoría xurídica no concello** que axude a poñer en marcha calquera iniciativa que xenere riqueza e traballo para os veciños do Irixo. así como **apostar en exclusiva polos veciños e os empresarios do Irixo para recuperar o concello sexa cal sexa o traballo**.

A apostar pola **formación das persoas en situación de desemprego, cunha escola taller** para que poidan desempeñar tarefas de recuperación de todo o rico patrimonio co que conta o Irixo, ou formación en axuda domiciliaria no fogar a persoas que o precisen, tamén por **unha axuda no fogar a persoas maiores ou dependentes que de cobertura a tódolos veciños que o precisen sen listas de espera**.

O candidato socialista quere poñer en marcha a creación dun selo de calidade de produtos ecolóxicos e de calidade do Irixo, de mel, de castañas, cogomelos e carne..

Tendo en contra que o concello do Irixo é dos máis extensos da provincia e a gran dispersidade da poboación, onde se perderon fai anos os coches de liña e apenas existen trens, **Fariñas se comprometeu a poñer en marcha no primeiro ano de goberno un transporte municipal gratuito ou a un precio simbólico, para todos os veciños do concello** que comunique os distintos pobos e parroquias ca capitalidade do concello para que os veciños poidan desprazarse ó médico ou a facer as súas compras, ampliando este servizo ó Carballiño se fose necesario.

Finalmente, comprometeuse durante a campaña electoral a falar con tódolos veciños e incluír no seu programa todas as necesidades que lle plantexen os seus veciños que son moitas e moi diversas; se comprometeu así mesmo a **adicarse en exclusiva a tarefa de facer do Irixo un gran concello, onde se recupere a memoria histórica e as súas festas populares e tradicións como a feira do Tellado**, e sobre todo a estar sempre dispoñible para tódolos veciños, a estar en todos os pobos ca xente, e sobre todo **facer asembleas de veciños para falar, e acordar con todos o rumbo e as necesidades dos, pobos, das parroquias e do concello, para construír un concello dos**



CURTAS

A ASOCIACIÓN FOTOGRÁFICA "O POTIÑOS" PRESENTA A SÚA EXPOSICIÓN "GALICIA E GALEGOS". DURANTE O MES DE FEBREIRO NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO, HORARIO DE VISITAS OS VENRES, SÁBADOS E DOMINGOS DE 19,30 A 21 HORAS.

5/2/2015

FESTA-ROMARIA DE SAN PAIO (MASIDE) OS DIAS 24 E 25 DE XANEIRO. O DOMINGO VI FESTA DO COCIDO ÁS 2 DA TARDE, UN COMPLETO MENÚ A BASE DE COCIDO GALEGO POR 18 EUROS.

23/1/2015

TEATRO: O GRUPO TIRULEQUE REPRESENTA SILICON VALLEY, O SÁBADO 24 DE XANEIRO ÁS 7 DA TARDE NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

23/1/2015

5º DUATLÓN DE MASIDE, O DOMNGO 25 DE XANEIRO DESDE AS 11 DA MAÑÁ, SAÍDA E META NA RÚA PRINCIPAL DE MASIDE.

23/1/2015

SARABELA TEATRO PRESENTA O SEU ESPECTÁCULO INFANTIL "O ÚLTIMO DRAGÓN". SÁBADO 17 DE XANEIRO ÁS 18 HORAS NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

14/1/2015

BOBORÁS CELEBRA O 15º CROSS POPULAR E 7º CANICROS. DOMINGO 18 DE XANEIRO DESDE AS 10 DA MAÑÁ POLOS ARREDORES DE BOBORÁS.

14/1/2015

MELCHOR, GASPAR E BALTASAR FARÁN MÁXICA APARICIÓN NA TORRE DA VERACRUZ O DÍA 5 ÁS 6 DA TARDE. CINCO CARROZAS PARTICIPAN NA CABALGATA DE REIS, QUE CONCLUIRÁ NA PRAZA MAIOR DO CARBALLIÑO.

4/1/2015

CEA RECIBE AOS REIS MAGOS O DÍA 5 ÁS 5 DA

APIs de Blogue  Versión para impresión

ESCOITA " A MAÑÁ DE COPE O CARBALLIÑO "
De 12:30 a 15:00 horas, con
XAN PINAL



TARDE NO CENTRO MULTIUSOS, ACTUARÁ O
CORO PARRROQUIAL DE CEA.

4/1/2015

MASIDE RECIBE AOS REIS MAGOS DE ORIENTE
O DOMINGO DIA 4 ÁS 13 HORAS, NO ANTIGO
GRUPO ESCOLAR DE MASIDE.

2/1/2015

MÁIS DE 600 INSCRITOS NA 6ª CARREIRA
SOLIDARIA DO ARENTEIRO, O DOMINGO 28
DENDE AS 11 DA MAÑÁ, SAÍDA E META NA
PRAZA DA VERACRUZ.

26/12/2014

O TEMPO

	Max	Mín	Vento	Lúa
Hoxe	10°C	-3°C	Sureste 8 km/h	
Mañá	9°C	-2°C	Sureste 4 km/h	
Xoves	8°C	-1°C	Sur 9 km/h	
Venres	7°C	1°C	Suroeste 13 km/h	
Sábado	9°C	4°C	Suroeste 18 km/h	

Programado por Nubestudio

